

## ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

<b>Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:</b>	
Nome: Marta Teixeira Bautista	
Enderezo electrónico: <a href="mailto:gomaca@uvigo.es">gomaca@uvigo.es</a>	Teléfono: 986 812 280
<b>Dirección do proxecto</b>	
Nome: Laura Valencia Matarranz	
Enderezo electrónico: <a href="mailto:qilaura@uvigo.es">qilaura@uvigo.es</a>	Teléfono: 986 812313
<b>Co-dirección do proxecto</b>	
Nome: Paulo A. Pérez Lourido	
Enderezo electrónico: <a href="mailto:paulo@uvigo.es">paulo@uvigo.es</a>	Teléfono: 986 812607
Nome: Emilia García Martínez	
Enderezo electrónico: <a href="mailto:emgarcia@uvigo.es">emgarcia@uvigo.es</a>	Teléfono: 986812615
<b>Bienio</b>	<b>2022/24</b>
<b>Número de participantes (máx. 4)</b>	<b>4</b>

### Título

A guerra contra a malaria

### Resumo

Neste proxecto o alumnado poderá achegarse a un problema real como é a enfermidade da malaria no mundo. Coñecer a causa desta enfermidade, os fármacos que existen actualmente para loitar contra ela e os problemas da resistencia dos medicamentos. Tamén terán que interpretar os datos que se presentarán de forma semellante aos atopados na bibliografía científica sobre a relación estrutura actividade (REA) de fármacos baseados en 4-aminoquinolinas.

### Obxectivo

Coñecer a problemática da malaria no mundo e as posibilidades de loita fronte a ela, así como a forma de transmisión da enfermidade e o modo de acción dos fármacos que actúan fronte a ela. Propoñer un posible fármaco activo fronte á malaria baseado na 4-aminoquinolina.

## **Plan de traballo**

- Ser consciente do problema da malaria no mundo.
- Coñecer as ubicacións xeográficas das poboacións que viven coa ameaza da malaria e o impacto da enfermidade nelas.
- Ser capaz de explicar o ciclo de vida do parasito da malaria que causa a enfermidade. Identificar a estrutura da cloroquina e describir o seu modo de acción fronte á malaria.
- Ser consciente do problema da resistencia á cloroquina e a necesidade de novos medicamentos antipalúdicos.
- Identificar un farmacóforo probable fronte á malaria.
- Describir o modo de acción identificando o obxectivo do fármaco
- Determinar a relación estrutura actividade (REA) da cloroquina.
- Identificar a(s) parte (s) ou rexión(s) das moléculas que poderían modificarse quimicamente como parte dun estudio de REA mentres se conserva o farmacóforo.
- Coñecer os métodos para avaliar a actividade biolóxica as 4-aminoquinolinas.